

■ Bono coidado extraordinario

(Para a atención a persoas dependentes)



gabinete de igualdade

BONO COIDADADO DEPENDENTES

Axudas económicas para:

- Os gastos derivados da contratación dun servizo de axuda no fogar, para a contratación ou ampliación de xornada de persoas coidadoras ou para paliar a diminución de ingresos por acollerse a unha excedencia ou redución de xornada para atender no domicilio as persoas usuarias de centros de día de persoas maiores e de centros de día específicos de alzhéimer, e de centros de día e ocupacionais de persoas con discapacidade.
- Os gastos derivados da contratación de servizos de estimulación física e/ou cognitiva destas persoas.

A QUE SE DESTINA?

Establécense dúas modalidades de axudas:

- Modalidade de contratación dun servizo de axuda no fogar, de gastos derivados da contratación ou ampliación de xornada de persoas coidadoras, e de compensación pola diminución de ingresos por acollerse a unha excedencia ou redución de xornada.
- Modalidade de contratación de servizos de estimulación física e/ou cognitiva.

QUEN TEN DEREITO?

- Familiares que subscriban un contrato para a prestación do servizo de axuda no fogar (ou ampliación doutro existente) cunha persoa coidadora ou que soliciten unha excedencia ou redución de xornada para atender as persoas usuarias dos seguintes centros cuxa actividade está suspendida como consecuencia da epidemia de coronavirus:
 1. centros de día de maiores
 2. centros de día específicos de alzhéimer
 3. centros de día ou ocupacionais de persoas con discapacidade (autorizados e inscritos no RUEPSS).

CONTÍA DAS AXUDAS

- A axuda económica para contratación dun servizo de axuda no fogar, de gastos derivados da contratación ou ampliación de xornada de persoas coidadoras e de compensación pola diminución de ingresos por acollerse a unha excedencia ou redución de xornada: importe máximo de 500 euros mensuais.
- A axuda económica para a contratación de servizos de estimulación física e/ou cognitiva terá un importe máximo de 100 euros mensuais.

COMPATIBILIDADE

- Son compatibles entre elas, pode solicitarse unha delas ou as dúas.
- É compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade de calquera outra Administración ou ente público ou privado tendo en conta:
 1. Débese acreditar documentalmente a súa natureza e contía ou calquera circunstancia que poida afectar a execución das actuacións.
 2. O importe das axudas concedidas non poderá superar, illadamente, ou en concorrencia con subvencións ou axudas, o custo do servizo recibido.

VIXENCIA

- Cubrirase a atención contratada desde o 16 de marzo ata a reapertura dos centros.

PRAZO DE SOLICITUDE

- 13/06/2020 – 13/07/2020

PRESENTACIÓN

- Obrigatoriamente a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>
- Código de procedemento: BS900B

Coa colaboración
da Xunta de Galicia



**XUNTA
DE GALICIA**